

Desprazando o horizonte do posible

Ana Salgado

A unha das voces da última novela de Alberto Lema, *Da máquina*, a máis distanciada, chégalle a arrogancia para meterse no gabinete de información do Departamento de Defensa dos Estados Unidos. E para contarnos desde alí dentro ata que punto pode ser perverso que o discurso informativo precise da ficción.

A escrita de Alberto Lema arrincara en 2008 con dous libros: *Plan de fuga*, o primeiro que tirou á luz Estaleiro Editora e *Unha puta percorre Europa*, en Galaxia. Non dirá ninguén que os títulos non avisan.

Os datos biográficos que temos de Lema son Bamiro, Vimianzo, como lugar de nacemento. O ano 1975 como data. Unha licenciatura en Filoloxía Inglesa e uns cantos traballos deses que se nomean como non cualificados.

Dixo María do Cebreiro no prólogo ao libro de poemas *Plan de fuga*, e serve tamén para o narrador, que Alberto Lema ten moi pouco de escritor posmoderno. Como é entón que na capa d'*Unha puta...* lemos «velaqué un texto escrito coas armas da literatura de masas»? Quizais por tratarse dun autor que considera indispensable empregar contra o inimigo a súa máquina de guerra. Tamén na ficción.

No caso de procurarmos etiquetas, a d'*Unha puta percorre Europa* puidera ser unha infrecuente: *thriller* contra o patriarcado. O segundo título publicado, anterior no tempo da escrita, é *Sidecar* e compóñeno dúas novelas breves: «A fame fatal» e «A síndrome Rubens». O autor escolleu como etiqueta para ela, cítoo: «porno existencial, por dicir algo». Vémoslle tamén algo de novela de iniciación, semellanzas de familia política coas *Memorias dun neno labrego*. Un neto de Balbino testemuña aquí o centrifugado do cambio social. *Sidecar* debера ser lectura da rapazada dos institutos. Se cadra esa foi a posibilidade que o proceso de edición escorrentou ao colocar na capa a duquesa de Villars collendo entre os dedos unha mamila de Gabrielle d'Estrées.

A narrativa toda de Alberto Lema conta con versión publicada en castelán. É este feito infrecuente nun autor novo, monolingüe e sen presenza nos medios do Estado. Entendemos que isto foi posible pola conexión de vontades e de ideas cun editor que le en galego, Constantino Bértolo, á fronte de Caballo de Troya. *Una puta recorre Europa* e *Sidecar* foron traducidas pola investigadora Iris Cochón. *De la máquina* viu a luz esta primavera, algo despois da orixinal, co traballo da poeta Oriana Méndez.

Fóra da etiqueta de ficción política situouse hai uns poucos días na presentación de *Da máquina* Francisco Sampedro. O filósofo fixo unha lectura na cal ese encadre só serviría para a parte relativa á máquina, á que cualificou de Robespierre cibernético. O conxunto da novela veríase atinxida por dúas disciplinas, a psicoloxía e a política, entendida esta como lugar de conflictividade. Falou tamén Sampedro dun libro en que a diversión está posta ao servizo do pensamento. Volvemos de novo ao manexo das armas do inimigo.

Na mencionada presentación no centro social Bou Eva, o investigador Iago Castro trazaba mapa para *Da máquina*. Blanco Amor, a Nova Narrativa, o Antón Lopo de *Obediencia*. De termos que continuar colocaríamos, por caso, *Charenton* de Chus Pato, *Acceso no autorizado* de Belén Gopegui, *Grupo Abeliano* de Cid Cabido, o Méndez Ferrín de *Bretaña, Esmeraldina*, ou a atención de Lema ao máis violento da escrita de Isaak Babel, Manuel Darriba, Peter Weiss ou Xabier Cordal.

Nunha crítica de *Sidecar*, a poeta e xornalista Xiana Arias falou da escrita de Lema como «pezas do diario dun atraso», que iría desde o político ao íntimo. Ese atraso continúa presente en *Da máquina*, cando menos na representación de diferentes esferas de precariedade. Precariedade que non é condición exclusiva de dous personaxes centrais no proceso que a novela quere contar, Lois e Estevo. Precariedade que é vista tamén como escolla.

Esa representación da carencia atravesa a totalidade da escrita de Lema e ten unha materialización especialmente lúcida, contundente e develadora na análise á que somete as relacións laborais. O que é case tanto coma dicir nos mecanismos de poder e sitúa ao novelista como lector crítico de Michel Foucault. Canto a isto, a ollada máis irónica vai cara ao comisario que, dúas novelas despois, continúa preguntándolle ao inspector Pereira se está bo o solombo. E os mecanismos de poder máis evidentes, tamén os tratados de maneira máis extensa, son os que enchoupan a vida laboral da meirande parte dos seus protagonistas, e

dan para un retrato xeracional dos traballadores e traballadoras nados nos anos 70-80. Sen a parte de autocompracencia presente no discurso arredor de que as clases medias pasen a integrar as fileiras do proletariado, esa reivindicación que o autor di albiscar por tras do 15M. Disto e doutras cousas que importan para pensar o presente falou Lema nunha entrevista de Óscar Iglesias no extraordinario suplemento de cultura que *El País* Galicia traía os venres ata que rematou setembro.

Leo un fragmento de *Da máquina*, posto na voz de Estevo, licenciado en Bioloxía con sucesivos traballos manuais de oitocentos euros ao mes:

«Imaxinemos porén unha terceira posibilidade inédita na literatura e cine americanos: imaxinemos que xorde unha obxección de conciencia, que hai quen se atreve a cuestionar a mecánica do xogo, a súa pura razón de ser. Xa estamos un paso máis aló das figuras do lumpen e do rebelde. Poñamos que son dous, imaxinemos que dous rapaces rexeitasen o círculo da competitividade non por preguiza, incapacidade ou covardía, digamos que precisamente dous dos mellores, dos máis rápidos e agudos decidisen pasar do xogo: que sucedería entón? A algo así poderíamos chamarlle Revolución».

Reflexión metaliteraria, desvelamento de canto pesa a ficción e análise dalgúns entre os moitos mecanismos de poder que estreitan as nosas vidas xúntanse aquí. Ao tempo, faise explícita a vontade que condensa a novela: moverlle os marcos políticos ao horizonte do posible, colocar a utopía revolucionaria a unha distancia nova.